

ACTA NÚMERO: 27/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 8 DE AGOSTO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 09:00 horas do día 8 de agosto de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Don Manuel Carramal Silva, Xefe Sección Informes Secretaría.
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don Jaime David Ruibal de Sola, xefe de sección do Proxectos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Fátima Pereira Monteagudo, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 1 de agosto de 2024 (Reunión 26/2024).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa UNIPUBLIC, S.A.U., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da Volta Ciclista 2024. (Expte.- 2024035051).
3. Proposta de adjudicación, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha dun espectrómetro para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2024035685).
4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada convocado para a contratación da xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia". (Expte.- 2024028041).
5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada convocado para a contratación da xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia". (Expte.- 2024028041).

Non asisten os vogais da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal. e D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 1 de agosto de 2024 (Reunión 26/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 8 de agosto de 2024 (Reunión 26/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa UNIPUBLIC, S.A.U., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da Volta Ciclista 2024. (Expte.-2024035051).

Por acordo da Xunta de Goberno nº 18.34063 adoptado na sesión ordinaria de data 19/07/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da “Volta Ciclista 2024”, cun valor máximo estimado de 140.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa UNIPUBLIC, S.A.U. (A28406775), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de licitación electrónica (Vortal), que se produce o 23/07/2024.

A empresa UNIPUBLIC, S.A.U. (A28406775), presentou a correspondente proposición o 31/07/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	115.702,48 €
IVE (21 %)	24.297,52 €
Importe ofertado con IVE	140.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa UNIPUBLIC, S.A.U. (A28406775), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario, por parte da Deputación de Pontevedra, da saída e chegada da etapa 10ª da “Volta Ciclista 2024”.



3. **Proposta de adxudicación, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, instalación e posta en marcha dun espectrómetro para o laboratorio da Finca Mouriscade. (Expte.- 2024035685).**

O Secretario suplente informa que por Resolución Presidencial nº 2024005578 de data 02/07/2024 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da Subministración, instalación e posta en marcha dun espectrómetro para o laboratorio da Finca Mouriscade.

Con data 03/07/2024, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa reunión de data 26/07/2024, procedeu á apertura dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobre únicos presentáronse as seguintes empresas, que foron admitidas no procedemento:

- AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (CIF B86907128)

Os valores ofertados polo único licitador foron os seguintes:

- Importe sen o IVE: 70.039,52 €
- IVE (21 %): 14.708,30 €
- Importe total ofertado: 84.747,82 €

Xunto coa oferta económica, o licitador adxuntou a correspondente ficha técnica do espectrómetro ofertado, conforme o esixido nos pregos e, na mesma reunión, a Mesa acordou remitir dita ficha de características técnicas ó servizo de Medio Ambiente para que procedesen á emisión do correspondente informe.

Con data 02/08/2024, a Xefa do servizo de Medio Ambiente emite informe favorable respecto das características técnicas ofertadas (CSV: OB6H2S56LCM56HWH)

Visto o informe do servizo de Medio Ambiente, a Mesa de Contratación procede coa ponderación dos valores ofertados, correspondentes cos criterios de valoración automática, de conformidade cas fórmulas establecidas nos pregos. A puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

	AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (CIF B86907128)
Prezo ofertado sen IVE	31,821 puntos

En base ó anterior, a Mesa de Contratación acorda:



1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (CIF B86907128)	31,821 puntos

2. Propor ó órgano de contratación a adjudicación do contrato á empresa AGILENT TECHNOLOGIES SPAIN, S.L. (CIF B86907128), que alcanzou a maior puntuación: 31,821 puntos.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adjudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar. A maiores, compróbase a través do sistema de intermediación de datos, que se atopa ó corrente de pagos coa Seguridade Social e coa AEAT, e de alta no imposto de actividades económicas. Consta no expediente o importe neto da cifra de negocios, quedando acreditada a súa solvencia económica e financeira.

3. Facultar ó Secretario suplente da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa proposta como adjudicataria mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través dunha Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>), de conformidade co establecido no artigo 159.4 LCSP:

- Documentación acreditativa da solvencia técnica:

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación das principais subministracións realizadas de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou o destinatario, público ou privado, e se precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo do anexo IV do prego).

As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, acompañado dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.



O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior a 52.360 €.

Nota aclaratoria: Para o cómputo dos tres últimos anos, considerarase como data de inicio ou "dies ad quo" o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por valor de 3.501,98 €.

Para depositar a fianza pode enviar unha transferencia bancaria á conta de Deputación de Pontevedra ES17 2080 5401 5731 1010 6612 co concepto "Fianza Contratación exp. 2024035685".

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada convocado para a contratación da xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia". (Expte.- 2024028041).

O Secretario suplente da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 28 de xuño de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto SARA, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en familia, expte. 2024028041.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 1 de xullo de 2024, aparecendo publicado día 2 de xullo de 2024. Nesta mesma data, publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público). Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario suplente informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario suplente da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, convocado para a



contratación do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Lecer en familia” (Expte.- 2024028041)” por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.

- 5. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada convocado para a contratación da xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en familia". (Expte.- 2024028041).**

A Presidenta da Mesa de Contratación decide retirar este asunto da orde do día ao comprobar, que dentro do prazo concedido ó efecto, non se presentou ningunha oferta por parte de posibles empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as nove horas e trece minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

